

## POLÍTICA DE CALIDADE E AMBIENTE - GALICIA MEDIA

A Xerencia de Galicia Media decidiu levar a cabo a **implantación dun sistema de xestión de calidade e ambiente** que sexa efectivo e eficiente, logrando así os beneficios de todas as partes interesadas, co compromiso por parte da Xerencia da mellora continua, a prevención da contaminación, o cumprimento legislativo respecto aos seus impactos ambientais a todas as funcións e niveis relevantes e a adaptación a novos cambios.

O obxectivo do dito sistema é garantir a calidade e o respecto ao ambiente dos seus produtos/servizos, asegurando a súa conformidade coas esixencias, especificacións e requisitos establecidos nas normas que regulan a calidade e o ambiente.

O sistema de xestión establecido é o instrumento de que se vai servir a empresa para acadar e garantir a mellora continua nos seus produtos/servizos e a xestión ambiental que se propón, e quedan establecidos na Política de Calidade e Ambiente definida pola Dirección. Promoverase o concepto de mellora continua como obxectivo permanente de Galicia Media, así como o sostemento e incremento da satisfacción do cliente.

Galicia Media aposta pola atención individualizada dos seus clientes en todas as fases dos servizos realizados e fíxase como obxectivo a certificación do sistema de xestión de calidade e ambiente como base para a mellora nos servizos desenvolvidos e diferenciación no sector, potenciando a formación do persoal como fonte de mellora da calidade ofrecida aos seus clientes e do adecuado comportamento ambiental.

O obxectivo da organización é adoptar unha maior tecnificación na xestión e modelos doutras compañías, realizando ademais políticas de alianzas estratéxicas para enriquecer así a oferta dos nosos servizos e calidade ofrecida aos nosos clientes.

A Xerencia de Galicia Media fixará periodicamente e por escrito uns obxectivos de calidade e ambiente onde se establezan uns valores medibles, previsiblemente alcanzables e consistentes coa Política de Calidade e Ambiente, que sirvan para definir a dirección cara á que se deben orientar os esforzos de Galicia Media.

As **directrices xerais** que se establecen para a consecución destes obxectivos son as seguintes:

- Lograr plena satisfacción dos nosos clientes, proporcionándolles servizos acordes cos requisitos, necesidades, expectativas e especificacións establecidas, incluíndo as normas ou lexislación vixente.
- Establecemento dunha sistemática documentada (ou normalización) para asegurar a calidade dos servizos.
- Integrar factores medioambientais na planificación de novos procesos e na modificación dos xa existentes.
- Compromiso permanente da empresa na mellora continua e prevención da contaminación como norma de conduta.
- Compromiso permanente do cumprimento da lexislación e normativa ambiental a todos os niveis.
- A formación continua do persoal da organización de acordo coa súa actividade respectiva, facilitando os coñecementos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade co máximo respecto polo contorno e enfocada á satisfacción das necesidades dos clientes e do conxunto das liñas de negocio da organización.
- Establecer obxectivos alcanzables revisados a curto prazo pola xerencia.
- Compromiso do cumprimento dos requisitos que Galicia Media subscriba coas partes interesadas.
- Compromiso da dotación de medios e recursos humanos e materiais necesarios para a consecución dos obxectivos establecidos.
- Asegurar que a política está á disposición do público colocándoa nun lugar visible das instalacións e facilitándolla a todo o personal e ás partes interesadas que a soliciten.

O sistema de xestión de calidade e ambiente foi elaborado e ha de ser mantido de xeito que se traballe sobre a prevención dos defectos, máis que sobre a súa corrección.

A eficiencia do sistema de xestión de calidade e ambiente é responsabilidade directa da Xerencia. No seu nome e representación, a responsable de Calidade e Ambiente supervisará a súa implantación, desenvolvemento e mantemento, avaliando a súa adecuación e aplicación correcta.

Para isto, a responsable de Calidade e Ambiente ten a autoridade necesaria para intervir en todos os departamentos de Galicia Media, na medida que estime conveniente, para comprobar a efectividade do sistema de xestión de calidade e ambiente.

A Xerencia de Galicia Media comprométese a desenvolver as directrices que en aspectos de calidade e ambiente se fixan neste manual, e ao cumprimento dos requisitos, tanto dos clientes como os legais e regulamentarios.

Asdo.: Director xerente de Galicia Media

Juan Carlos Rodríguez Sánchez

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2006